

Concello de Covelo

BASES PROXECTO EDUCATIVO CONCILIACIÓN: ESCOLA DE VERÁN 2021 DO CONCELLO DE COVELO.

1.- OBXECTO

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos da ESCOLA DE DE VERÁN DO CONCELLO DE COVELO 2021.

Adaptaremos as actividades ás medidas dos protocolos de actuación ou instrucións por parte das autoridades competentes. Ao inicio da escola de verán comunicaremos o Protocolo e as medidas hixiénico-sanitarias que seguiremos durante o desenvolvemento da escola de verán 2021.

2.- PERSOAS DESTINATARIAS .

Poderán participar os nenos e nenas de 3 a 12 anos, preferentemente empadroados e empadroadas no Concello de Covelo. Estes requisitos e demais condicións para o acceso ao proxecto, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e han de ser acreditados xunto coa solicitude.

No caso de de persoas menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou dalgunha patoloxía avaliarase cada solicitude de maneira individual.

No caso de persoas menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou dalgunha patoloxía esta circunstancia deberá facerse constar, detallando do xeito máis preciso posible as súas necesidades.

Se teñen praza adxudicada é necesario achegar informes médicos ou a documentación necesaria para poder valorar as súas necesidades na escola de verán.

3.- PERSOAS PARTICIPANTES.

Establécese un número mínimo de 10 persoas participantes e un máximo de 21 persoas participantes seleccionadas por orde de inscrición.

** Pendente das recomendacións das autoridades competentes.*

4.- TEMPORALIZACIÓN.

A Escola de verán realizarase en horario de 09.00-14.00 horas, de luns a venres, dende o día 1 ó 31 de xullo de 2021.

5. PREZO

Persoas empadroadas no Concello de Covelo: 20 €

Persoas non empadroadas no Concello de Covelo: 40 €

** Prezos según a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de actividades lúdicas, recreativas, culturais, formativas e deportivas aprobado na Xunta Local de Goberno Local na sesión extraordinaria que tivo lugar o 7 de xuño 2019.*

6.- ACTIVIDADES

As actividades que se realizan de cara á consecución dos obxectivos propostos serán variadas e se adaptarán as idades das persoas participantes e as



Concello de Covelo

instalacións. Realizaranse múltiples e variados obradoiros como por exemplo:

- Lúdicas e de animación (xogos populares, danzas, bailes...)
- Deportivas (ioga e outros deportes)
- Artísticas (obradoiros de manualidades, pintura e debuxo)
- Obradoiros sobre horticultura e medio ambiente, fauna e flora autóctonas.
- Excursións culturais.
- Rastrexo final e festa.

*** Adaptaranse ó deseño das actividades as recomendacións das autoridades competentes.

7.- METODOLOXÍA E AVALIACIÓN.

A metodoloxía empregada será unha metodoloxía activa, participativa, comunicativa, lúdica e educativa impartida por medio de actividades que fomenten valores positivos e adecuadas as idades das persoas participantes.

A finalidade deste proxecto é promover a creación dun grupo e a integración de todas as persoas participantes no mesmo, realizando actividades que faciliten e favorezan a conexión do grupo e o traballo individual de cada persoa; vinculada ó ocio educativo e sobre todo que se divirtan nas súas vacacións.

O sistema de avaliación realizarase mediante o establecemento de indicadores ou medidores cuantificables do grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos. A avaliación será un proceso continuo co obxectivo de obter información constante sobre o desenvolvemento do principio de igualdade e actuar sobre aqueles obstáculos que impidan a execución eficaz das actividades. As achegas e recomendacións da técnica municipal de coordinación do proxecto, das nais, pais, nenas e nenos participantes recabaránse e empregaranse de forma periódica o Concello de Covelo. A avaliación final quedará rexistrada nunha memoria.

8.- PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

8.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.

8.2.- Inscripción. Anexo 1

8.2.1.- Documentación.

As nenas e nenos interesadas deberán presentar nos Servizos Sociais do Concello a folla de inscrición cuberta xunto coa seguinte documentación:

- Folla de inscrición.
- DNI da nai, pai titora ou titor
- DNI da nena ou neno ou libro de familia
- Tarxeta da Seguridade Social
- Declaración responsable do estado de saúde. Pendente das recomendacións das autoridades competentes. O mesmo terán que garantir os monitores e as monitoras.
- Quen alegue necesidade por motivos laborais presentarán copia do contrato ou certificado de empresa co horario de traballo.



Concello de Covelo

As persoas que desexen máis información sobre a Escola de Verán e/ou a documentación a aportar poden poñerse en contacto cos servizos sociais municipais no teléfono: 986 650 027 ext.3

- Inscripcións: Do 31 de maio ó 10 de xuño 2021.
- Lista de admitidos: 14 de xuño 2021
- Pagamento: Do 15 ó 18 xuño 2021

O prazo de presentación de solicitudes poderá variar en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

8.2.3.- CRITERIOS DE SELECCIÓN. Admitiranse as persoas participantes na escola de verán por orden de inscrición. Terán prioridade:

- Persoas empadroadas no Concello de Covelo
- Persoas que xustifiquen a necesidade por motivos laborais
- Familias con informe xustificativo dos servizos sociais de Covelo

* No caso de persoas menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou doutra patoloxía avaliarase cada solicitude de maneira individual.

8.2.4.- RESULTADO DA SELECCIÓN.

O día 14 de xuño de 2021 publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello o listado de persoas admitidas.

9.- ASISTENCIA

No caso de que haxa lista de espera terase en conta a asistencia a escola de verán. As persoas que non asistan máis de dous días nunha semana sen xustificar daranse de baixa a favor das persoas que están na lista de espera.

10.- RECURSOS

RECURSOS HUMANOS:

1,2 ou 3 monitorado cualificado. Os grupos formaranse segundo as idades do alumnado.

RECURSOS MATERIAIS

Material de desfeita, recollido polos nenos/as e polas monitoras.

Material: cartolina, tesoiras, lapis, punzóns, plastilina, rodillo, gomas, folios, pegamento, acuarelas, pinceis, ceras, rotuladores, grapadora, grapas, clips, regras, abelorios, sedal, globos, maquillaxe, inchadores, folios de cores, balóns, comida, culleres de paus, prato, vasos, etc...

Aula con mesas e cadeiras para todas as persoas participantes.

Concello de Covelo

11.- ORZAMENTO

O Orzamento da Escola de verán xullo 2021:

	IMPORTE
Actividade exenta de IVE, segundo o artigo 20,un,8º,a	4.675,70€

Proxecto financiado pola Deputación de Pontevedra.

Covelo, a data que figura na marxe.

O Alcalde do Concello de Covelo
Juan Pablo Castillo Amigo
(sinatura electrónica)



Concello de Covelo

ESCOLA DE VERÁN 2021.CONCELLO DE COVELO

FINANCIADA POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ANEXO I.SOLICITUDE

PERSOA SOLICITANTE:PAI,NAI,TITOR OU TITORA	
Nome:	Apelidos:
DNI:	Telf:
Enderezo:	
SOLICITO PRAZA PARA AS CRIANZAS:	
Nome e apelidos:	
Data nacemento: / /	
Nome e apelidos:	
Data nacemento: / /	
Nome e apelidos:	
Data nacemento: / /	
OBSERVACIÓNS DE CADA NENO/A (necesidades especiais, alerxias, outras)	

AUTORIZO A TOMA DE IMAXES E REXISTRO DE SON: Para a difusión e memoria de actividades	SI ☐	NON ☐
AUTORIZO A PARTICIPACIÓN DA PERSOA MENOR NAS ACTIVIDADES: Informouseme e acepto as bases e normas de funcionamento e as actividades programadas na <i>escola de verán de Covelo</i> , incluíndo as visitas culturais e rutas pola contorna con desprazamento en autobús.	SI ☐	NON ☐



Concello de Covelo

AUTORIZO A ADMINISTRACIÓN A COMPROBAR NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	SI ☐	NON ☐
PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA CRIANZA:		
Nome e apelidos:.....DNI:.....		
Nome e apelidos:.....DNI:.....		
Nome e apelidos:.....DNI:.....		
Nome e apelidos:.....DNI:.....		
Documentación:		
-Copia do DNI da persoa solicitante -Copia do DNI da crianza ou de non telo copia do Libro de Familia -Copia da tarxeta sanitaria da crianza -Quen alegue necesidade por motivos laborais, deberán presentar copia do contrato ou certificado da empresa co horario de traballo. -Informe xustificativo dos Servizos Sociais do Concello -Declaración responsable do estado de saúde		
Asinado Covelo, a de de 2021	A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN:	
		Empadroado/a
		Non empadroado/a

De acordo co establecido na L.O.P.D., informámoslle que os datos recollidos no presente formulario serán comunicados a entidade Cóxegas, para o correcto cumprimento da prestación de servizo e que a información será destruída unha vez rematada a prestación do servizo.

